



ficciō-n

O 8 DE MAIO ESTREARASE NOS CINES **MAIMIÑO E O ESPELLO MÁXICO**, A PRIMEIRA PELÍCULA GALEGO - CUBANA DE ANIMACIÓN

*Con máis de 60 copias nos cines de toda España, **Maimiño** lanzarase en cine comercial o 8 de maio nunha ambiciosa distribución a nivel nacional. Estreada en Cuba no 2014, converteuse con rapidez na película máis taquilleira da historia no país caribeño*

*Previo a esta estrea, **Maimiño** será proxectada na sección Animazine do Festival de Málaga de Cine Español*

Os nenos galegos poderán participar nun concurso musical interpretando un dos temas principais da película e gañar unha viaxe a Cuba para 3 persoas

Santiago, 06.04.2015.- A esperada película de animación galego-cubana **Maimiño e o espello máximo**, que conta coa participación de Televisión de Galicia, AGADIC, TVE e Ibermedia, estrearse **nos cines comerciais de toda España o día 8 de maio de 2015**. O proxecto foi posible grazas á coprodución da empresa galega **Ficción Producciones** xunto aos Estudios de Animación do Instituto Cubano del Arte e Industria Cinematográficos de La Habana (**ICAIC**).

Maimiño, unha versión libre do autor cubano José Martí do conto de *Pulgarcito*, poderá verse en máis de 60 salas de cine de toda España, un proxecto ambicioso para a que previsiblemente será a única película galega de animación que se presentará nas salas comerciais en este ano 2015.

Os actores **María Castro** (*Tierra de Lobos, Vive Cantando*); **Javier Rey** (*Velvet, Hispania*), **María Pujalte** (*Los misterios de Laura*), **Antonio Mourellos** (*Imperium*),



ficciō-n

Xosé A. Touriñán, Marcos Pereiro, Carlos Blanco, Tacho González, Luís Iglesia, Monti Castiñeiras, entre outros foron os encargados de poñer voz á historia dun pequeno campesiño que para sacar a súa familia da pobreza inicia un longo camiño cheo de aventuras que tamén o levará a encontrar á princesa dos seus soños. Unha película que ensinará aos nenos que “o saber pode máis ca forza” e que ensalzará valores como o amor, a amizade, a honra e a xustiza social.

Festival de Málaga


Previo a esta estrea, ***Maimiño*** exhibirase o vindeiro 25 de abril no Festival de Cine Español de Málaga, un dos maiores escaparates a nivel nacional e internacional para a difusión e promoción da cinematografía española.

Ata o momento, as vendas internacionais da película son unha realidade en **Estados Unidos, Canadá, Oriente Medio, Turquía, Corea, Francia e Alemaña**.

Concurso -Karaoke

Outro dos grandes valores culturais engadidos de *Maimiño* corresponde á banda sonora, que conta con cancións compostas especialmente polo cantautor cubano **Silvio Rodríguez** e interpretadas, para a versión española e inglesa, polos artistas **Roko e Xuso Jones**, e por **Uxía Senlle e Xoan Curiel** para a versión galega, baixo a dirección musical do músico galego **Manu Riveiro**.

Con este aliciente, Ficción Producciones pon a disposición do público infantil un **concurso karaoke** a través da rede social Facebook e a páxina **<http://www.cantaconmaimino.com>**. Os máis pequenos poderán subir o seu vídeo interpretando un dos temas principais da película e así dar renda solta a súa capacidade interpretativa e dotes para a canción.



ficciō-n

O creador do vídeo elixido por un xurado especializado poderá gañar unha viaxe a Cuba para tres persoas, e visitar os Estudios de Animación do instituto Cubano de Arte e Industria Cinematográficos, onde se levou a cabo parte da realización de *Maimiño* (toda a información en www.cantaconmaimino.com).